

## ACCESO Ó LUGAR DA COMPETICIÓN



### **Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e PARA**

Cazadores, que sabemos cales son as túas necesidades, ofrecémosche unha interesante variedade de seguros de caza.

- Seguros de R.C. do cazador con diversos tipos de coberturas
- Seguro de Danos propios
- Seguro de Responsabilidade Civil dos Cans
- Seguro de Responsabilidade Civil de Competicións
- Seguro de Responsabilidade Civil de Ganchos e Monterías
- Seguro de Responsabilidade Civil para Tecores

- **INFÓRMATE NA TÚA SOCIEDADE OU NA NOSA OFICINA, situada en Carballo, Rúa Vila de Caión, 27 baixo 2 A (15100) Carballo. Tfno.: 981 70 29 57**

## **VI CAMPIONATO PROVINCIAL DE PERCORRIDOS DE CAZA CON ARCO**



**12 DE MARZO DE 2017  
SAN ROMAN (LARACHA)  
A CORUÑA**

**ORGANIZAN:** - Federación Galega de caza na Coruña  
- Clube ARCO HERCULES

**COLABORA:** Sociedade de Caza O Petón de Cabo Vilaño

## COMITÉ ORGANIZADOR

**DON MANUEL SAA CASARIEGO**

Presidente da Federación Galega de Caza na Coruña

**DON OSCAR NOVAS SEIJAS**

Presidente do Clube ARCO HERCULES

**DON MARIANO SUAREZ VARELA**

Vocal do Clube ARCO HERCULES

**DON EMILIO VILA TORREIRA**

Tesoureiro da FGC na Coruña

## DIRECTORA DA COMPETICIÓN

**DONA INMACULADA SANTAMARIA RODRIGUEZ**

## XURADO DE COMPETICIÓN

Elixirano os participantes antes do inicio da competición

## XUÍCES

Serán designados pola organización

## PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Os Campionatos son abertos a tódolos arqueiros que o soliciten. As inscricións abonaranse nos lugares de concentración o mesmo día das probas. O prazo para anotarse remata o día 9 de marzo, debendo de anotarse a través do Clube Arco Hercules (Teléfono: Oscar: 615468490), mail: clubarcohercules@gmail.com, ou ben na Federación Galega de Caza na Coruña, tfno.: 981 70 29 57. Tódolos arqueiros deberán acreditar ante a organización que contan coa documentación pertinente (licencia de caza, seguro de responsabilidade civil, etc..) así como coa Licencia Federativa de Caza en vigor, e abona-lo importe correspondente á inscrición.

## PREZO DAS INSCRICIÓN

**Percorridos de caza con arco:** 20 € adulto e 5€ nenos (xantar incluído).

## REGULAMENTO

O Campionato Provincial de Percorridos de Caza con, rexeráse polo vixente Regulamento e normas complementarias da FGC.

## SORTEO

O sorteo de zonas de competición realizarase o mesmo día no lugar de concentración.

# PROGRAMA

**DIA:** 12 de marzo de 2017

**LUGAR:** O campionato Provincial de Percorridos de caza con arco, celebrarase na parroquia de San Román, concello de Laracha e provincia de A CORUÑA.

## HORARIOS

**10,00 horas.-** Concentración de arqueiros no Bar Varela en A Braña - San Román - Laracha, provincia de A Coruña.

**10,30 horas.-** Comezo da competición.

**13,30 horas.-** Clausura da competición e entrega de premios. Ofreceráse un xantar a tódolos participantes.

*O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.*